

ACTA NÚM. 3 - DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 21 DE FEBREIRO DE 2018.

No Salón de Sesiós da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **16:05 horas** do día **21 de febreiro de 2018**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión extraordinaria e urxente.

A S I S T E N:

Don Martiño Noriega Sánchez, **alcalde-presidente**.

Concelleiros/as:

Compostela Aberta (CA):

Dona María Rozas Pérez.
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez.
Dona Branca Petra Novo Rey.
Don Xan Xesús Duro Fernández.
Dona Concepción Fernández Fernández.
Don Manuel Díos Diz.
Dona Marta Irene Lois González.
Don Rafael Peña Vidal.
Dona Noa María Morales Sánchez.

Partido Popular (PP):

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas.
Dona María José Castro Carballal.
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.
Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.
Dona María José Corral López.
Don Manuel Martínez Varela.
Dona Teresa María Gutiérrez López.
Dona M^a Teresa Cancelo Márquez.
Don Claudio Ricardo Montiel Carracedo.

Partido Socialista de Galicia (PSdeG-PSOE):

Don Francisco Reyes Santiás.
Don Gonzalo Muíños Sánchez.
Dona María Milagros Castro Sánchez.

Bloque Nacionalista Galego (BNG):

Don Rubén Cela Díaz.

Dona María Goretti Sanmartín Rei.

Dona Inmacula Viña Carregal, **interventora xeral do Concello de Santiago de Compostela.**

José Ramón Alonso Fernández, **secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.**

ORDE DO DÍA:

1. Ratificación da urxencia da sesión.

2. Toma posesión do cargo de concelleiro de Don Antón Barba Pereira (PSdeG-PSOE).

3. Resolución de alegacións, e aprobación definitiva, se procede, do orzamento e cadro de persoal do Concello para o ano 2018.

Cumpriméntase así:

1. RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.

O Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (10 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 9 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do Partido Popular, ratifica a urxencia da sesión.

Despois de ratificada a urxencia da sesión ten lugar a intervención do señor Picón Picallos, en representación da CIG, en relación ás alegacións formuladas por esa central sindical aos orzamentos e cadro de persoal para o ano 2018.

2. TOMA POSESIÓN DO CARGO DE CONCELEIRO DE DON ANTÓN BARBA PEREIRA (PSDEG-PSOE).

Non comparece.

3. RESOLUCIÓN DE ALEGACIONES, E APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO E CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO PARA O ANO 2018.

A proposta da concelleira delegada de economía e facenda de data 13 de febreiro de 2018, ten o seguinte contido:

“PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O EXERCICIO 2018

O Pleno da Corporación -na sesión ordinaria do 17.01.2018- adoptou acordo de aprobación inicial do orzamento xeral –integrado polo do propio Concello, o do organismo autónomo Auditorio de Galicia e os das empresas municipais TUSSA e INCOLSA- e do cadro de persoal para o exercicio 2018.

En cumprimento do artigo 169 do Real Decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais -TRLFL, en diante- a antedita aprobación inicial publicouse BOP nº 14, do 19.01.2018. O período de exposición ao público do expediente -a efectos de presentar alegacións- iniciou o 20.01.2018 e rematou o 09.02.2018.

O 09.02.2018 -rex. entrada nº 5744- D. Francisco Xavier Picón Picallos, en representación da sección sindical da Confederación Intersindical Galega do Concello de Santiago de Compostela (CIG), presentou un documento -que se achega ao expediente- que recolle varias alegacións á aprobación inicial dos orzamentos xerais e cadro de persoal do Concello de Santiago para o exercicio 2018.

Sobre esta cuestión, a Directora de área de réxime interior informa cada unha das alegacións efectuadas polo Sr. Picón Picallos concluíndo que non cabe encadralas nos motivos previstos no artigo 170.2 do TRLFL -informe de data 13.02.2018 que se xunta ao expediente-.

Finalmente indicar que advertiuse un erro material na reprodución do importe da achega prevista para o Consorcio da Cidade de Santiago no artigo 33.4 das bases de execución do orzamento que prevén 65.623,19 €, cando, tal e como recolle a consignación da aplicación 090.34100.45390 do estado de gastos do orzamento inicialmente aprobado, deberían prever 76.000,00 €. Sobre esta cuestión tamén se achega informe da Directora de área de réxime interior.

Polo antedito, **propóñolle ao Pleno da Corporación**, logo de que a Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas emita o ditame oportuno, que adopte o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Desestimar as alegacións presentadas por D. Francisco Xavier Picón Picallos, en representación da sección sindical da Confederación Intersindical Galega do Concello de Santiago de Compostela -CIG-, por non atopar cabida en ningún dos supostos previstos no artigo 170.2 do TRLFL.

Segundo.- Advertido o erro material na transcripción do importe da achega a favor da entidade Consorcio da Cidade de Santiago nas bases de execución do orzamento -cuxo artigo 33.4 prevé 65.623,19 € cando debería prever 76.000,00 €-, tendo en conta que, como informa a Directora de área de réxime interior, a dotación orzamentaria polo importe correcto -76.000,00 €- si está incluída nos créditos iniciais do capítulo 4 do estado de gastos do orzamento inicialmente aprobado, polo que esta corrección non tería repercusión orzamentaria, propono que, consonte o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, se subsane neste intre o antedito erro material e se lle dea a base de execución 33.4 a redacción correcta no tocante ao importe da achega.

Polo antedito propono que se corrixa a redacción do artigo 33.4 das bases de execución do orzamento xeral para o exercicio 2018, de xeito que onde di:

4. “Non están comprendidas no ámbito da aplicación destas normas, nos termos establecidos na base de execución 31.4 as seguintes achegas, cos seguintes importes máximos:

Outras Transferencias	Importe 2018	Aplicación orzamentaria		
GRUPOS MUNICIPAIS	156.700,00	030	91200	48900
CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO	1.406.216,74	030	94300	46700
<u>CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO</u>	<u>65.623,19</u>	<u>090</u>	<u>34100</u>	<u>45390</u>
AUDITORIO DE GALICIA	1.300.000,00	040	33000	41000
AUDITORIO DE GALICIA	550.000,00	040	33000	71000
FUNDACIÓN GRANELL	130.000,00	040	33300	48902
PLAN COMARCAL TRANSPORTE	27.019,67	050	44110	45000
TRANSPORTES.TRANSFERENCIAS NOMINATIVAS A EMPRESAS PRIVADAS	4.873.708,30	050	44110	47900
INCOLSA	2.460.000,00	070	43200	44900

Outras Transferencias	Importe 2018	Aplicación orzamentaria		
INCOLSA	441.000,00	070	43200	87210
UNINOVA	82.600,00	070	43300	44900
FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS	200.000,00	090	31101	48900
FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS	60.498,79	090	31101	78000
<u>TOTAL OUTRAS TRANF. ORZAMENTO 2018</u>	<u>11.753.366,69”</u>			

Debe decir:

4. “Non están comprendidas no ámbito da aplicación destas normas, nos termos establecidos na base de execución 31.4 as seguintes achegas, cos seguintes importes máximos:

Outras Transferencias	Importe 2018	Aplicación orzamentaria		
GRUPOS MUNICIPAIS	156.700,00	030	91200	48900
CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO	1.406.216,74	030	94300	46700
<u>CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO</u>	<u>76.000,00</u>	<u>090</u>	<u>34100</u>	<u>45390</u>
AUDITORIO DE GALICIA	1.300.000,00	040	33000	41000
AUDITORIO DE GALICIA	550.000,00	040	33000	71000
FUNDACIÓN GRANELL	130.000,00	040	33300	48902
PLAN COMARCAL TRANSPORTE	27.019,67	050	44110	45000
TRANSPORTES.TRANSFERENCIAS NOMINATIVAS A EMPRESAS PRIVADAS	4.873.708,30	050	44110	47900
INCOLSA	2.460.000,00	070	43200	44900
INCOLSA	441.000,00	070	43200	87210
UNINOVA	82.600,00	070	43300	44900
FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS	200.000,00	090	31101	48900
FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS	60.498,79	090	31101	78000
<u>TOTAL OUTRAS TRANF. ORZAMENTO 2018</u>	<u>11.763.743,50”</u>			

Terceiro.- Aprobar definitivamente o orzamento xeral e cadro de persoal do Concello de Santiago de Compostela para o exercicio 2018 e ordenar a súa publicación no BOP - resumido por capítulos- en cumprimento do artigo 169.3 do TRLFL.

A entrada en vigor do orzamento terá lugar trala antedita publicación.

Cuarto.- De conformidade co establecido na artigo 21.6 do RD 500/1990, as modificacións orzamentarias aprobadas no período de vixencia do orzamento prorrogado do exercicio 2017 mediante decreto da Concelleira delegada de Economía, Facenda e Administración baixo os números de expediente 2018-TRANS-01, 2018-TRANS-02, 2018-XENER-01, 2018-XENER-02, 2018-XENER-03, 2018-XENER-04 e 2018-XENER-05 quedarán anuladas porque están xa incluídas nos créditos iniciais do orzamento municipal 2018 aprobado.

Quinto.- Do orzamento xeral definitivamente aprobado remitirase -simultaneamente ao envío do anuncio ao BOP ao que se refire o punto anterior- copia a Administración do Estado e da Comunidade Autónoma -artigo 169.4 do TRLFL-.”

Figuran no expediente informe de intervención núm. 52/2018 de data 15 de febreiro do corrente ano; dous informes da directora de área de réxime interior de datas 13 de febreiro do corrente ano, e informe da oficina de orzamentos de data 15 de febreiro do corrente ano.

Así mesmo, tamén figura acordo da Xunta de Goberno de 16 de febreiro do corrente ano, en relación á resolución das alegacións e aprobación definitiva do orzamento e cadro de persoal do concello para o ano 2018.

Rematado o debate, de conformidade coa proposta transcrita e demais documentación que obra no expediente, e do ditame favorable da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas correspondente á súa sesión do día 20 de febreiro do corrente ano, o Pleno da Corporación acorda:

a) Por 10 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal de Compostela Aberta, 9 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do Partido Popular e 5 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do BNG (3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), desestimar as alegacións presentadas por D. Francisco Xavier Picón Picallos, en representación da sección sindical da Confederación Intersindical Galega do Concello de Santiago de Compostela -CIG-, por non atopar cabida en ningún dos supostos previstos no artigo 170.2 do TRLFL.

b) Por 10 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal de Compostela Aberta, 5 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do BNG (3 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e 9 votos en contra, correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do Partido Popular, acorda:

1.-Advertido erro material na transcripción do importe da achega a favor da entidade Consorcio da Cidade de Santiago nas bases de execución do orzamento -cuxo artigo 33.4 prevé 65.623,19 € cando debería prever 76.000,00 €-, tendo en conta que, como informa a Directora de área de réxime interior, a dotación orzamentaria polo importe correcto -76.000,00 €- si está incluída nos créditos iniciais do capítulo 4 do estado de gastos do orzamento inicialmente aprobado, polo que esta corrección non tería repercusión orzamentaria, propoño que, consonte o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, subsanar o antedito erro material e se lle dea a base de execución 33.4 a redacción correcta no tocante ao importe da achega.

Corrección da redacción do artigo 33.4 das bases de execución do orzamento xeral para o exercicio 2018, de xeito que onde di:

4. “Non están comprendidas no ámbito da aplicación destas normas, nos termos establecidos na base de execución 31.4 as seguintes achegas, cos seguintes importes máximos:

Outras Transferencias	Importe 2018	Aplicación orzamentaria		
GRUPOS MUNICIPAIS	156.700,00	030	91200	48900
CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO	1.406.216,74	030	94300	46700
<u>CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO</u>	<u>65.623,19</u>	<u>090</u>	<u>34100</u>	<u>45390</u>
AUDITORIO DE GALICIA	1.300.000,00	040	33000	41000
AUDITORIO DE GALICIA	550.000,00	040	33000	71000
FUNDACIÓN GRANELL	130.000,00	040	33300	48902
PLAN COMARCAL TRANSPORTE	27.019,67	050	44110	45000
TRANSPORTES.TRANSFERENCIAS NOMINATIVAS A EMPRESAS PRIVADAS	4.873.708,30	050	44110	47900
INCOLSA	2.460.000,00	070	43200	44900
INCOLSA	441.000,00	070	43200	87210
UNINOVA	82.600,00	070	43300	44900

Outras Transferencias	Importe 2018	Aplicación orzamentaria		
FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS	200.000,00	090	31101	48900
FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS	60.498,79	090	31101	78000
<u>TOTAL OUTRAS TRANE. ORZAMENTO 2018</u>	<u>11.753.366,69”</u>			

Debe dicir:

4. “Non están comprendidas no ámbito da aplicación destas normas, nos termos establecidos na base de execución 31.4 as seguintes achegas, cos seguintes importes máximos:

Outras Transferencias	Importe 2018	Aplicación orzamentaria		
GRUPOS MUNICIPAIS	156.700,00	030	91200	48900
CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO	1.406.216,74	030	94300	46700
<u>CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO</u>	<u>76.000,00</u>	<u>090</u>	<u>34100</u>	<u>45390</u>
AUDITORIO DE GALICIA	1.300.000,00	040	33000	41000
AUDITORIO DE GALICIA	550.000,00	040	33000	71000
FUNDACIÓN GRANELL	130.000,00	040	33300	48902
PLAN COMARCAL TRANSPORTE	27.019,67	050	44110	45000
TRANSPORTES.TRANSFERENCIAS NOMINATIVAS A EMPRESAS PRIVADAS	4.873.708,30	050	44110	47900
INCOLSA	2.460.000,00	070	43200	44900
INCOLSA	441.000,00	070	43200	87210
UNINOVA	82.600,00	070	43300	44900
FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS	200.000,00	090	31101	48900
FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS	60.498,79	090	31101	78000
<u>TOTAL OUTRAS TRANE. ORZAMENTO 2018</u>	<u>11.763.743,50”</u>			

2.- Aprobar definitivamente o orzamento xeral e cadro de persoal do Concello de Santiago de Compostela para o exercicio 2018 e ordenar a súa publicación no BOP - resumido por capítulos- en cumprimento do artigo 169.3 do TRLFL.

A entrada en vigor do orzamento terá lugar trala antedita publicación.

3.- De conformidade co establecido na artigo 21.6 do RD 500/1990, as modificacións orzamentarias aprobadas no período de vixencia do orzamento prorrogado do exercicio 2017 mediante decreto da Concelleira delegada de Economía, Facenda e Administración baixo os números de expediente 2018-TRANS-01, 2018-TRANS-02, 2018-XENER-01, 2018-XENER-02, 2018-XENER-03, 2018-XENER-04 e 2018-XENER-05 quedarán anuladas porque están xa incluídas nos créditos iniciais do orzamento municipal 2018 aprobado.

4.- Do orzamento xeral definitivamente aprobado remitirase -simultaneamente ao envío do anuncio ao BOP ao que se refire o punto anterior- copia a Administración do Estado e da Comunidade Autónoma -artigo 169.4 do TRLFL-.

E non sendo outro o obxecto da reunión o Sr. Alcalde-Presidente deuna por finalizada sendo as 16:45 horas do día da data, do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente,

O secretario xeral do pleno,

Asdo: Martiño Noriega Sánchez

Asdo: José Ramón Alonso Fernández